

Rúbrica do reto (versión docente)

Ítem	4	3	2	1
Acrosport	Participa activamente nunha exhibición de <i>acrosport</i> grupal, realizando figuras e elementos ximnásticos de enlace en coordinación coa música elixida, tendo en conta as medidas de seguridade para non lesionarse.	Participa activamente nunha exhibición de <i>acrosport</i> grupal, realizando figuras e elementos ximnásticos de enlace, tendo en conta as medidas de seguridade para non lesionarse, pero sen coordinación coa música elixida.	Participa activamente nunha exhibición de <i>acrosport</i> grupal, realizando figuras e elementos ximnásticos de enlace, pero sen ter en conta as medidas de seguridade.	Participa nunha exhibición de <i>acrosport</i> grupal, pero sen realizar figuras ou elementos ximnásticos de enlace.
Danza	Improvisa pasos de baile galego e <i>breaking</i> con creatividade, desinhibición e ritmo.	Improvisa pasos de baile galego ou de <i>breaking</i> con creatividade, desinhibición e ritmo.	Improvisa pasos de baile galego ou de <i>breaking</i> con pouca creatividade, desinhibición e ritmo.	Ten dificultades para realizar os pasos de baile galego ou de <i>breaking</i> vistos previamente.
Xogos tradicionais	Acada o nivel “pro” en polo menos un dos tres xogos propostos: os zancos, o trompo e o salto á corda.	Acada o nivel “crack” en polo menos dous dos xogos propostos.	Acada o nivel “crack” en polo menos un dos xogos propostos.	Acada o nivel “principiante” en polo menos un dos xogos propostos.
Traballo en equipo no deseño e ensaio da actuación	Integrouse ben no grupo, axudou ás compañeiras e compañeiros. Amosou moita iniciativa e foi parte importante do equipo.	Integrouse ben no grupo, axudou ás compañeiras e compañeiros. Aportou poucas propostas, pero apoiou as propostas dos demais.	Tivo dificultades para traballar en equipo. Non colaborou co resto do grupo.	Non logrou integrarse ben no grupo e rexeitou o traballo.
Tarefas asignadas ao rol elixido no deseño do evento	Realizou todas as actividades que correspondían ao rol elixido e rematounas con éxito. Esforzouse para realizalas sen axuda.	Realizou as actividades que correspondían ao rol elixido e rematounas correctamente, pero puido esforzarse un pouco máis.	Non realizou todas as actividades que correspondían ao rol, e para algunhas necesitou axuda. Puido esforzarse máis en xeral.	Non realizou todas as actividades que correspondían ao rol. Ademais, a pesares de ter axuda, os resultados deberían ser mellores.
Participación na actuación final	Participou activamente na representación demostrando moita creatividade e desinhibición.	Participou activamente na representación demostrando algo de creatividade e desinhibición.	Participou, pero sen un papel activo nin creativo na representación.	Participou na actuación pero sen saber o seu papel na representación.



“Rúbrica do reto”, do proxecto *cREAgal*, publicada baixo a licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0

